

CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE DE A CORUÑA

ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2014-2015

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2014-2015 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- Decreto 254/2012, do 13 de Decembro de 2012
- Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG, 15/03/2013).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros.
- Instrucións da Xefatura Territorial de A Coruña.

2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos) 44	6	Primeiro 00	0
Quinto (4 anos) 02	0	Segundo00	0
Sexto (5 anos)00	0	Terceiro 00	0
		Cuarto 00	0
		Quinto 00	0
		Sexto 00	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 3º da Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15).

3. ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é a que figura no plano e documento exposto neste taboleiro de anuncios e na web. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao IES Monte das Moas.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de admisión, que se axeitarán ao modelo oficial (a recoller en Conserxería), deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio, no horario de Secretaría dispoñible, en calquera dos días lectivos **entre o 6 e o 20 de marzo**, debendo ir acompañadas da copia do libro de familia onde estea inscrito o neno ou nena. Ademais entregarase a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, entre o 24 de marzo e o 3 de abril, sempre que a demanda supere a oferta de prazas.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

5. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

-Entre o 8 e o 10 de abril.- Publicación da resolución provisional de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello escolar do centro no prazo de cinco días hábiles.

-Antes do 15 de maio, e unha vez resoltas as posibles reclamacións presentadas, **farase pública a resolución definitiva** de alumnado admitido e non admitido. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

6. PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa inscrición na Secretaría **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios que ofrece o Centro son:

1. Transporte escolar adaptado

- Únicamente para o alumnado con discapacidade motórica diagnosticada.

2. Comedor escolar e Madrugadores.

-Xestionados pola ANPA do Colexio.

3. Actividades Extraescolares.

- Organizadas e xestionadas pola ANPA do Colexio

- Horario do local do ANPA: de 17 a 19 h de luns a xoves. Tlf. 981139980

OBSERVACIÓN IMPORTANTE

Cada solicitante poderá presentar **unha única solicitude**, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza. Esta instancia será entregada no centro que solicita en primeiro lugar. **No caso de que o solicitante presente máis de unha solicitude, poderá perder o dereito de prioridade que lle puidese corresponder.** As solicitudes entregadas fora de prazo enviaranse directamente á Comisión de Escolarización de A Coruña.

A Coruña, 24 de febreiro de 2014

DIRECTOR DO CENTRO,

Asdo.: Pablo Rey Vázquez

A SECRETARIA, Vº e Prace:

Asdo.: Mª Dolores Gallegos Pita